

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva do expediente M1C/2015 modificativo do orzamento de 2015

ANUNCIO

Asunto: aprobación definitiva do expediente M1C/2015.

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o día 30 de novembro de 2015, aprobou definitivamente o expediente M1C/2015 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, transferencias de crédito, baixas por anulación de créditos, modificación dos anexos de investimentos e de transferencias, declaración de non dispoñibilidade de crédito e modificación puntual das bases de execución do orzamento 2015.

O expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión do 20 de outubro de 2015 e sometido a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 204, do 26 de outubro de 2015. Durante o citado prazo, presentáronse catro reclamacións contra el, segundo resulta da certificación expedida polo secretario xeral do Pleno.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do orzamento, incorporando as modificacións:

RESUMO POR CAPÍTULOS				
ESTADO DE GASTOS				
CAPÍTULO	INICIAL	ACTUAL	MODIFICACIÓN M1C/2015	DEFINITIVO
1	61.274.272,95	62.434.540,58	0,00	62.434.540,58
2	101.019.054,61	106.197.568,45	435.569,64	106.633.138,09
3	2.893.080,54	2.893.080,54	-179.999,00	2.713.081,54
4	24.048.088,88	24.584.479,95	2.263.780,97	26.848.260,92
5	100.000,00	100.000,00	-100.000,00	0,00
6	36.051.054,21	48.860.849,64	-2.404.351,61	46.456.498,03
7	14.170.387,62	24.259.282,85	-15.000,00	24.244.282,85
8	40.001,00	330.244,04	0,00	330.244,04
9	12.404.060,19	12.404.060,19	0,00	12.404.060,19
	252.000.000,00	282.064.106,24	0,00	282.064.106,24

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 30 de novembro de 2015.

Director de Economía e Facenda

Eduardo Mera Rico

2015/11702